



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA DE TÉCNICO DE TURISMO

Por Resolución desta Alcaldía nº 172/2025 de data 29 de maio de 2025 aprobouse a Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Técnico de Turismo

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 29 de maio de 2025. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA TÉCNICO DE TURISMO
EXPEDIENTE: 2025/G003/000176

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Técnico de Turismo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en data 26/03/2025 e publicadas no BOP nº 63, do 2 de abril de 2025.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 158/2025 do 20/05/2025, pola que se aprobou, a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal na categoría de Técnico de Turismo, os acordos do Tribunal cualificador do proceso selectivo, de data 23 de maio de 2025, que constan no expediente electrónico e a súa proposta para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal na categoría de Técnico de Turismo, publicada no Taboleiro de anuncios electrónico municipal, en data 23/05/2025.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións contra a cualificación dos méritos, contra as preguntas e contra a cualificación da proba escrita, sen que se presentasen ningunha, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista de aspirantes, por orde de puntuación obtida, segundo a proposta do Tribunal cualificador de data 23/05/2025, para posibles provisións temporais de persoal, na categoría de Técnico de Turismo:

	SOLICITANTE	TOTAL
1.	BOCELO GÓMEZ, LUIS	11,80
2.	BASOA ANCA, DUARTE	11,60
3.	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ ELISA	10,80



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Segundo.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de Anuncios electrónico do Concello, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados.

Monfero, 29 de maio de 2025
O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo